

CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE AGADER E O CONCELLO DA CAÑIZA PARA O ACONDICIONAMENTO DO ANTIGO MATADOIRO PARA SECADOIRO MUNICIPAL DE XAMÓNS

**MEMORIA XUSTIFICATIVA**

O director xeral da Axencia Galega de Desenvolvemento Rural

**DECLARA:**

Que esta Axencia Galega de Desenvolvemento Rural formalizou co Concello da Cañiza un convenio para o acondicionamento do antigo matadoiro para secadoiro municipal de xamóns.

Que o instrumento convencional tiña por obxecto establecer a colaboración entre as partes para realizar as obras de acondicionamento do antigo matadoiro para secadoiro municipal de xamóns.

Que existía converxencia de intereses entre as entidades asinantes en orde á consecución do obxecto referido.

Que o instrumento convencional que se asinou fundamentábase no seguinte: Agader pretende colaborar na posta en valor e no desenvolvemento de actividades vinculadas á transformación e comercialización agraria, que para o rural debe de ser sen dúbida uns dos alicerces nos cales se sosteñan as políticas de fixación de poboación durante os vindeiros anos. Coa sinatura deste convenio tratábase de realizar actuacións que incidan na mellora da calidade dos produtos do sector primario así como na mellora da súa distribución.

Que os intereses converxentes das partes asinantes excluían o ánimo de lucro, e non podían satisfacerse axeitadamente mediante a formalización dun contrato dos contemplados no Texto refundido da Lei de contratos do sector público, aprobado por Real Decreto Legislativo 3/2011, de 14 de novembro, ou doutro instrumento alleo á natureza estritamente convencional.

En atención ao exposto, e a fin de dar cumprimento ao preceptuado no artigo 15.2 da Lei 1/2016, de 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno, estimouse xustificado o recurso á sinatura do instrumento convencional que se asinou, con exclusión doutras figuras.

Santiago de Compostela

(asinado electronicamente)

Miguel Ángel Pérez Dubois

